

Premio Gerardo García Campos

Wireless Galicia, mellor iniciativa no ámbito das TIC

Redacción

■ Este ano o Premio Ingeniero Gerardo García Campos á Mellor Iniciativa Empresarial TIC conceduse a empresa Wireless Galicia, en recoñecemento ao esforzo nos labores de I+D no campo das TIC aplicadas a proxectos de interese sociosanitario así como á traxectoria e proxección da empresa. Unha iniciativa que propón a aplicación das tecnoloxías móbiles e accesibles ao sector sociosanitario, contribuindo ao desenvolvemento da rede de saúde de Galicia, e facilitando o seguimento desde o domicilio de determinados parámetros médicos (peso, nivel de actividade física, etc) a enfermos con patoloxías crónicas.

No tocante á Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais, o premio recae na iniciativa, rotulada baixo a denominación de Taboleiro Dixital; un proxecto dirixido pola directora do Centro de Educación Especial Rexional de Xordos de Santiago, Fátima García, quen será a encargada de recoller o galardón, en colaboración co director da ETSET da Universidade de Vigo, José María Pousada.

Utilidade de carácter social

Taboleiro Dixital tórnase axeitado para a súa utilización no ámbito logopédico, e concibiuse como ferramenta para mellorar a calidade de vida, a autonomía, a integración co medio, a independencia e o acceso á sociedade da información das persoas con problemas de comunicación e cognitivos a través desta solución software baseada nun marcador electrónico que ademais reúne os requisitos de ser económico, funcional, flexible e motivador.

A empresa Bit Oceans Research fixose co premio á Mellor Aplicación TIC rotulando a súa proposta baixo o nome de "FIVIDOC".

Unha iniciativa única en toda Galicia, que xorde como a solución ao problema da falsificación documental, evitando tanto a xeración de documentos enteiramente falsos, como a alteración, mediante técnicas manuais ou informatizadas, do contido dos mesmos. É ademais unha solución singular, automática, válida para calquera tipo de documento e que emprega só impresoras e escáneres convencionais para localizar e sinalar as alteracións fraudulentas realizadas sobre o contido dos documentos. Fividoc permite, en definitiva, a protección global do contido dos documentos, detectando alteracións en texto, imaxes, táboas ou fotografías.

O COETG e a AETG valoraron como razonables determinantes do outorgamento do Enxeñeiro do Ano ao director xeral de Sistemas Audiovisuais Itelsis, Gerardo García Alvela, a súa aposta persoal pola defensa do patrimonio industrial de Galicia no sector TIC, o seu dinamismo, xuventude, así como o novo aire que aporta no seu proxecto.

O presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, pasa a engrosar no presente ano a lista dos Socios de Honra da AETG, distinción que premia as personalidades destacadas no apoio e na promoción do sector TIC.

As xuntas directivas do COETG e da AETG valoraron como determinantes dese recoñecemento o seu compromiso cos proxectos TIC, garantindo a súa implantación en todos os eidos da sociedade o que permitirá a Galicia converxer como referente de vanguarda e competir con selo galego no contexto global. Tamén se tivo en conta o seu apoio ás accións dirixidas a estimular a eficiencia dos investimentos, aproveitando as sinerxias empresarias e a coordinación das iniciativas TIC.